

LINGUA CRUZADA

Conta a lenda que o rei grego Palamedes inventou o x para representar o incógnito facendo del unha letra científica e abstracta que acae ben ao misterio, ás matemáticas e ao arcano. Agora, o x faise experiencia poética en *Espazo para un signo*, libro conmemorativo dos XXV anos de Xerais, a través da sabedoría de doce autores (Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Anxo Angueira, Xela Arias, María do Cebreiro, Ramiro Fonte, Antonio García Teijeiro, Xosé Miranda, Chus Pato, Ana Romaní e Xavier Seoane) e de Lázaro Enríquez quen se encarga das fermosas ilustracións do volume. O xogo lúdico, o desexo da orixinalidade, a paisaxe do humano, as palabras na marxe xermolando nos trazos dun signo que é tamén límite e fronteira, o xen que nos conturba inclinándonos cara ao misterio desas aspas en cruz, a maxia... son elementos comúns nas palabras de todos os poemas, textos para explicitar a maxestuosa connotación deste “*son de lonxe/ que baixa desde o xeo das orixes/ a xerminar na voz das xeracións*” como explicita Álvarez Cáccamo. Á fin, ensaios sobre un grafema que é lingua cruzada para a éxtase.

Tempos Novos, 102, novembro 2005, p. 74